




o forno de cal Santo Adrán de Cobres

Planta dun forno de cal modificada dun debuxo de Xaquín Lorenzo "Xocas".

Alumnado de 4º da ESO do CPI do Toural na clase de Historia. De pé, presentando o proxecto do forno, de esquerda a dereita, María Xesús Vidal, do departamento de Historia, César Llana, María José Ruiz e Rosa Lamas, do Museo Etnolóxico e Carlos Acuña, concelleiro de Cultura e Mocidade do Concello de Vilaboa. Fotografía de Cristina González Piñeiro, maio 2017.



Alumnado de 3ºB da ESO do CPI do Toural realizando unha práctica de laboratorio na materia de Física e Química, sobre a obtención de cal a partir da calcinación de rocha calcária. Fotografía de Paulo Jablonski García, maio 2018.

No curso 2016/17, nas aulas de Bioloxía e Xeoloxía de 1º curso da ESO do Centro Público Integrado do Toural, en Vilaboa, fálase da existencia dunha vella caleira en Santo Adrán de Cobres, asunto este que se comparte de maneira casual co persoal técnico do Museo Etnolóxico, en Ribadavia. Este feito ten calado na posta en marcha dun proxecto conxunto entre ambas as dúas institucións.

A iniciativa fórmulase transversal, coa participación dos departamentos de Bioloxía e Xeoloxía, Xeografía e Historia, Física e Química e Educación Plástica e Visual do CPI, así como das seccións do Museo Etnolóxico. Á vez, implícanse o Concello de Vilaboa, a través da Concellería de Cultura e Mocidade e a Asociación Cultural Barqueiro.

Dende o CPI, establécese un procedemento de participación baseado no desenvolvemento das competencias clave do alumnado, que implica cambios na concepción do proceso de ensino e aprendizaxe. Un novo enfoque competencial caracterizado pola transversalidade, dinamismo e carácter integral. Así o proceso de ensino e aprendizaxe é abordado desde todas as materias do coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais.

Isto comporta a asunción de propostas nas que o alumnado se converte en protagonista do seu coñecemento e onde toman forza liñas de traballo que favorezan a implicación activa e conxunta do centro educativo, das familias e doutras institucións do contorno social.

Alumnado participante no proxecto:

Curso 2016-2017

Alejandro Acuña Otero, Daniel Amoedo Otero, Melisa Cabanelas González, Alejandro García González, Yoana González Carballo, Eva Iglesias Graña, Ismael Martínez Camiña, Lucía Rodríguez Casal, Eloi Pena Gómez, Ainoa Piñeiro Rial.

Curso 2017- 2018

Francisco Casal Lorenzo



Obxectivos

O obxectivo global desta investigación é valorar, por parte do alumnado, os aspectos básicos do patrimonio cultural da súa contorna e participar na súa conservación e na súa mellora.

Este proxecto achegaranos testemuños que nos axudarán a construír coñecemento, isto é, Historia. Pola súa vez, o contraste entre o lembrado individualmente e o saber construído permitiranos reflexionar entre memoria e historia.

Metodoloxía

O alumnado, a través do coñecemento do funcionamento do forno de Santo Adrán: como era o sistema de cocción, que usos tiña o cal, como desenvolvían o seu labor os traballadores e traballadoras do forno, en que condicións traballaban, que ferramentas usaban, de onde procedía a pedra calcaria... desenvolverá destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico.

Trátase de descubrir a historia do forno de Vilaboa a través do material (os restos da estrutura), da memoria (os recordos das xentes que alí traballaron e das coetáneas), dos documentos (a prensa, os libros, os mapas, as actas municipais, as imaxes...) e da sociedade civil (asociacións).

Fontes materiais

Os restos do forno



Frontal da caleira. Fotografía de Eloi Pena, 2017.

Fontes orais

As fontes da memoria activáronse coa realización de entrevistas orais a traballadores e traballadoras da caleira, unhas recollidas de xeito manuscrito, outras en audio.



Lucía Rodríguez Casal 3ªA. 2017
Entrevista a Anxo Cortegoso (L), irmán da súa madriña e está a investigar o forno. (12 de Marzo do 2017)


1. Cando empezou o seu funcionamento?
Abría entre o ano 1935-36
2. Cando pechou?
Deixou de funcionar nos anos setenta
3. Canto xente traballaba nel?
Traballaban sobre dúas persoas, nun eran feno, marchaban uns e contrataban a outros
4. Quen eran os seus donos?
Os primeiros donos eran dous homes de Aldán que despois traspasaron o negocio. Un dos donos chamábase Manuel Casaleiro. E tamén foi do pai de Francisco González García. Despois del o único dono foi o que o pecha.
5. Por que estaba situado nesa zona?
Desde Santalla víñan os barcos cargados coa pedra do cal (aquí non había) e ese é un dos motivos polos que está á beira do mar. Ademais estaba lonxe das casas porque se consideraba unha actividade nociva e molesta, polos fumes que producía na queima do cal
6. Que función desempeñaba a vila?
Da súa queima saía o cal vivo, para a construción (fubir casas) e en menor cantidade para mesturar co xofre das vilas
7. Haba algunha empresa que colaboraba co forno?
Cando estaba en funcionamento colaboraban as carpinterías de ribeira, eran as industrias que había en San Adrán.

Ana Palmeiro Fernández e Isabel Fernández Fernández, traballadoras da caleira entrevistadas (audio) e fotografadas por Alejandro Acuña Otero o 13 de marzo de 2017.

Entrevista realizada o 12 de marzo de 2017 por Lucía Rodríguez Casal a Anxo Cortegoso, responsable da Asociación Cultural Barqueiro, implicada no estudo e recuperación da caleira de Santo Adrán.

Fontes documentais

A prensa, os libros, os mapas, as actas municipais, as imaxes...



Acta de sesión plenaria do Concello de Vilaboa. Solicítase permiso para a realización dun camiño de acceso ao forno nos terreos do monte "Travesada", en Santo Adrán de Cobres. 21 de xuño de 1932. Fonte: Arquivo Municipal do Concello de Vilaboa.